



MEMORIA DA ALCALDÍA

Expediente núm.:	6913/2025
------------------	-----------

A tenor dos artigos 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L 2/2004), e 18.1.a) do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, esta Alcaldía eleva o Pleno desta Corporación o proxecto do Presuposto do Orzamento Xeral e as bases de execución, para o exercicio económico do 2023, acompañado desta memoria na que se explica as modificacións máis esenciais respecto o anterior.

1. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

O Orzamento municipal para o exercicio 2026 ascende á cantidade de 19.456.000,00€, o que implica equilibrio económico entre ingresos e gastos, polo que se cumpre o esixido polos artigos 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 16.1 do R.D. 500/1990, de 20 de abril. Xunto cos estados de ingresos e gastos do Orzamento Municipal e a súa documentación complementaria tramítase a aprobación das plantillas de persoal do Concello e as Bases de Execución do Orzamento (BEO).

A desagregación por capítulos de ingresos e gastos e a porcentaxe que cada un deles representa respecto do total é a seguinte:

	ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS		
	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	5.028.000,00	25,84%	GASTOS PERSOAL	7.291.777,30	37,48%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	600.000,00	3,08%	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	9.151.309,25	47,04%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.885.438,00	14,83%	GASTOS FINANCEIROS	127.089,65	0,65%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	10.089.173,00	51,86%	TRANSFERENCIAS CORRENTES	935.074,00	4,81%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	92.175,00	0,47%			0,00%
TOTAL CORRENTES		18.694.786,00	96,09%	TOTAL CORRENTES	17.505.250,20	89,97%



CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	0,00%	INVERSIÓNS REAIS	1.030.400,00	5,30%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	96,00	0,00%	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	158.024,00	0,81%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	0,08%	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	0,08%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	746.100,00	3,83%	PASIVOS FINANCEIROS	747.325,80	3,84%
TOTAL CAPITAL		761.214,00	3,91%	TOTAL CAPITAL	1.950.749,80	10,03%
TOTAL INGRESOS		19.456.000,00	100,00%	TOTAL GASTOS	19.456.000,00	100,00%

2. PRIORIDADES E LIÑAS DE ACCIÓN DO ORZAMENTO

A principal prioridade do orzamento vai encamiñada a adoptar medidas que axuden dun modo directo aos cidadáns, así como aos demais sectores da sociedade.

Estas medidas deben de coordinarse con políticas sociais axeitadas e efectivas, adicando partidas orzamentarias suficientes que permitan axudar a todos aqueles colectivos que se atopen en situacións de risco ou exclusión social.

3. PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE CONTEÑEN ESTES ORZAMENTOS EN RELACIÓNS COS DO EXERCICIO 2025

A. Modificacións do estado de ingresos

As modificacións que contén o estado de ingresos destes Orzamentos en relación cos do exercicio 2025 son, resumidas por capítulos, as que de seguido se indican:

		2024	2025	2026	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2025-2026
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	5.008.000,00	5.028.000,00	5.028.000,00	25,84%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	600.000,00	600.000,00	600.000,00	3,08%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.508.532,00	2.828.538,00	2.885.438,00	14,83%	56.900,00	2,01%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.749.408,00	9.239.417,00	10.089.173,00	51,86%	849.756,00	9,20%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.825,00	71.825,00	92.175,00	0,47%	20.350,00	28,33%
TOTAL CORRENTES		16.878.765,00	17.767.780,00	18.694.786,00	96,09%	927.006,00	5,22%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	18,00	18,00	18,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108,00	96,00	96,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,08%	0,00	0,00%

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





	FINANCEIROS						
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	6,00	6,00	746.100,00	3,83%	746.094,00	12434900,00%
TOTAL CAPITAL		15.132,00	15.120,00	761.214,00	3,91%	746.094,00	4934,48%
TOTAL INGRESOS		16.893.897,00	17.782.900,00	19.456.000,00	100,00%	1.673.100,00	9,41%

Desagregando nos dous grandes bloques de que se compón o estado de ingresos do orzamento:

Operacións correntes.-

O total de operacións correntes orzamentadas para o exercicio 2026 ascende a 18.694.786,00 €. Isto supón un aumento do 5,22% con respecto ao orzamentado no exercicio 2025.

Mantéñense as previsións dos impostos indirectos I.B.I., vehículos de tracción mecánica, incremento de valor dos terreos de natureza urbana e I.A.E. tendo en conta tanto os padróns coma os cobros derivados polas liquidacións correspondentes a períodos anteriores.

Mantense o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, debido a que se estabiliza a solicitude de licenzas de obra para a construción de vivendas unifamiliares no ámbito rural, así como que se estendeu entre a cidadanía a axilidade de presentar comunicacións previas para obras menores ou de escasa entidade construtiva.

No ano 2026 daráselle un impulso á tramitación dos Plans Especiais que desenvolverán os sectores denominados no Plan Xeral de Ordenación Municipal como SUNC-R01 e SUNC-R02, o que permitirá a transformación desa zona do casco urbán, e, no futuro, a construción de iniciativa privada e/ou pública.

En canto ao capítulo III, taxas e prezos públicos, incrementa o total da previsión con respecto ao exercicio 2025. Este incremento prodúcese basicamente nos seguintes conceptos:

Incrementábase a previsión nos prezos públicos por instalacións e actividades deportivas (campus deportivo), gardería municipal e as organizadas polo departamento de servizos sociais, en función do recadado e da maior participación nas distintas actividades, así como participación por ingresos de telefónica e a taxa de recollida de lixo en función da evolución dos últimos exercicios liquidados, dos padróns aprobados e da actualización dos mesmos.

Inclúese a previsión polas "contribucións especiais polas obras de acometida de auga á rede xeral" xa que faise preciso establecer un sistema equitativo á hora de realizar por parte dos cidadáns a conexión á acometida de auga, sobre todo despois da realización das obras da traída do Umia.

Mantéñense, con respecto a 2026 as previsións do resto de taxas e prezos públicos, tanto os de recadación directa como os recadados polo ORAL, motivada pola maior efectividade na xestión de cobro así como na inspección tributaria, o que está a provocar efectos positivos no orzamento municipal, e pon de manifesto o acertado da decisión de delegar neste Organismo ese tipo de actuacións, que noutros supostos se verían mermados por falta de medios materiais e humanos. Para elo, e en coordinación co ORAL, aproveitando as solicitudes presentadas polos interesados farase unha revisión da documentación presentada, aos efectos de comprobar que se atopa actualizada, e, no seu caso, proceder á actualización.





As transferencias correntes experimentan globalmente un aumento nas previsións, como consecuencia fundamentalmente, do aumento da participación nos tributos do Estado, de acordo co anteproxecto presentado para o exercicio 2026 e coas liquidacións rexistradas nos últimos anos, así como do Fondo de Cooperación Local, segundo os datos facilitados pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

Así mesmo, incrementase a previsión de ingresos da Consellería de Política Social, en función do correlativo incremento de gastos no servizo de axuda a domicilio financiado na meirande parte por esta Consellería.

Mantéñense as aportacións das Consellerías da Presidencia e Medio Rural e da Deputación Provincial para o financiamento dos gastos relativos ao GES.

Mantense, a achega da Consellería do Medio Rural para as brigadas de incendios e motobomba, en función do convenio correspondente.

Prevese igualmente as aportacións das Consellerías de Sanidade, de Promoción do Emprego e Política Social e Igualdade para o mantemento dos servizos de prevención de drogodependencias, axente de emprego, orientación laboral, plan concilia, atención temperá, gardería municipal, servizos sociais e centro de información á muller, ao tratarse de servizos consolidados ao longo dos últimos exercicios e que se veñen subvencionando regularmente polas indicadas Consellerías.

O peso relativo dos ingresos correntes no seu montante total é de 96,09 %.

Operacións de capital.-

Os ingresos derivados de operacións de capital aumentan o seu peso relativo no orzamento inicial 2026, quedando nun 3,91 % fronte ao 0,09 % do ano 2025.

Como ven sendo habitual, os ingresos de capital das distintas administracións públicas para o financiamento dos investimentos, non se inclúen como previsións iniciais, senón que serán obxecto de xeración de crédito coas aportacións das mesmas.

O capítulo 9 “pasivos financeiros” aumenta a previsión a 746.100,00 euros que se destinarán ao financiamento dos investimentos previstos para este exercicio, segundo se recolle no anexo correspondente.

A modalidade prevista de formalización da operación mediante a apertura dunha liña de crédito, permitirá ir acomodando o ritmo de recurso a préstamo coa evolución da execución das inversións, non xerando carga financeira en tanto non sexa preciso en función das necesidades xeradas polos gastos que financia. Poderán concertarse operacións de crédito no exercicio 2026 se o aforro neto do último exercicio liquidado resulta positivo, como resulta da Liquidación do exercicio 2024, en aras ó establecido na disposición adicional 14ª do RDL20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

B. Modificación do estado de gastos

As modificacións que conteñen o estado de gastos do exercicio 2026 en relación ó do 2025 responde ó seguinte esquema:





		2024	2025	2026	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN 2025-2026	EVOLUCIÓN 2025-2026
CAPÍTULO 1	GASTOS PERSOAL	6.740.837,40	7.482.996,03	7.291.777,30	37,48%	-191.218,73	-2,56%
CAPÍTULO 2	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	8.096.902,76	7.987.113,75	9.151.309,25	47,04%	1.164.195,50	14,58%
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	274.826,04	179.361,42	127.089,65	0,65%	-52.271,77	-29,14%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	664.383,00	910.780,00	935.074,00	4,81%	24.294,00	2,67%
TOTAL CORRENTES		15.776.949,20	16.560.251,20	17.505.250,20	89,97%	944.999,00	5,71%
CAPÍTULO 6	INVERSIÓN REAIS	476.580,00	403.299,00	1.030.400,00	5,30%	627.101,00	155,49%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	3.042,00	57.024,00	158.024,00	0,81%	101.000,00	177,12%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,08%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	622.325,80	747.325,80	747.325,80	3,84%	0,00	0,00%
TOTAL CAPITAL		1.116.947,80	1.222.648,80	1.950.749,80	10,03%	728.101,00	59,55%
TOTAL GASTOS		16.893.897,00	17.782.900,00	19.456.000,00	100,00%	1.673.100,00	9,41%

Gastos de persoal.-

Nas previsións para o ano 2026 destaca a aplicación da Relación de Postos de Traballo aprobada mediante acordo plenario do 3 de xullo de 2021, e publicada no Boletín Oficial de Pontevedra do día 15 de xullo de 2021, así como a súa primeira modificación publicada no Boletín Oficial de Pontevedra do 19 de xullo de 2022, e a resolución dos recursos de reposición a esta primeira modificación publicados no Boletín Oficial de Pontevedra do 29 de abril de 2025 e 23 de xuño de 2025.

Na plantilla de persoal inclúense diversos postos pendentes da súa inclusión na Relación de Postos de Traballo, unha vez realizado o correspondente proceso de estabilización.

Inclúese o incremento retributivo previsto no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro.

Gastos en bens correntes e servizos.-

No capítulo 2, relativo ás consignacións destinadas a bens correntes e servizos, dótanse créditos para atender suficientemente ós diferentes contratos subscritos por este Concello para atende-los diversos servizos municipais.

Trátase de mellorar os servizos prestados polo Concello e ao mesmo tempo restrinxir o consumo de subministros, como poida ser o material de oficina, teléfonos ou subministro de enerxía eléctrica.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Carga financeira: intereses e amortización do capital.-

No relativo á dotacións intereses de débeda, diminúe a previsión en función da evolución á baixa do euribor trimestral, referente para os cálculos na meirande parte dos préstamos.

A dotación prevista para a amortización, mantense con respecto ao ano anterior, en función dos préstamos concertados e os cadros de amortización previstos.

A consignación de intereses para a nova operación realízase sobre a previsión de disposición gradual dos fondos, tal como ven sendo habitual neste tipo de operacións, se ben non se prevé dita disposición ata o remate do período de carencia.

Transferencias correntes.-

Aumenta o importe total das aplicacións destinadas a subvencións correntes como consecuencia da actualización de aplicacións orzamentarias nas áreas de cultura, deportes e xuventude destinadas á concesión de subvencións en concorrência competitiva a favor de asociacións veciñais, culturais, deportivas e xuvenís, co obxectivo de promover as respectivas actividades. Con esta fórmula acádase un sistema igualitario e que permite a todas as asociacións optar a axudas públicas dun xeito totalmente transparente e cun coñecemento previo das bases reguladoras que en cada caso se aprobarán.

Faise tamén un incremento na dotación da Fundación Cultural, o que amosa un interese claro de favorecer as actividades culturais.

Adecúanse as previsións das subvencións nominativas ás efectivamente solicitadas e concedidas aos distintos colectivos.

Inversións.-

É salientable o incremento en inversións con respecto ao exercicio anterior.

Recóllense os investimentos habituais para arranxos e mantemento dos existentes.

Non se inclúen no orzamento inicial as previsións de investimento a financiar polas distintas administracións públicas, por resultar máis operativo a xeración de crédito unha vez ditadas as resolucións ou acordos de concesión das mesmas.

Destacan, así mesmo, as inversións en política social, incrementándose máis dun 20 % con respecto ao exercicio anterior.

Créase unha liña de axudas, dotada con 100.000,00 €, que permitirá subvencionar con 1.000,00 € cada vivenda unifamiliar que instale unha fosa séptica homologada para depurar a totalidade das augas na parcela na que se atope o inmovible. Trátase dunha medida para incentivar a instalación de micro saneamentos, en consonancia co defendido por Augas de Galicia.

4.- MODIFICACIÓNS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Á marxe das modificacións de contías operadas nas previsións iniciais de ingresos e créditos iniciais de gastos, as Bases de Execución do Orzamento foron obxecto de diversas modificacións e actualizacións co obxecto de adaptalas á normativa vixente e mellorar a súa aplicación práctica, sen prexuízo doutras melloras técnicas introducidas para unha máis eficaz xestión orzamentaria.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





CONCLUSIÓNS

Nese esforzo continuo que está a realizar o Concello por ser o garante das necesidades dos veciños e veciñas da Estrada, o orzamento do ano 2026 é sensible a todos os grandes retos que a día de hoxe se lle presentan aos estradenses.

O orzamento municipal para o ano 2026 destaca por incidir en tres grandes eixos: política social, rural e investimento.

A Administración Local, como entidade máis próxima ao cidadán, debe ser a que con máis axilidade dea resposta ante situacións de emerxencia ou necesidade persoal. Para elo, o orzamento do ano 2026 incrementa nun 20 % o gasto destinado a políticas sociais, sendo o exemplo máis claro da aposta que realiza o goberno municipal por estar ao carón dos máis necesitados, ou daqueles que están a atravesar dificultades puntuais nalgunha etapa da súa vida.

Un pilar fundamental do noso Concello é o rural. Por elo, unha parte do importante incremento en inversión que reflicte o orzamento, vai destinado, precisamente, ao ámbito rural, sobre todo en mellora de viais públicos, tanto con fondos propios como con recursos procedentes doutras Administracións.

Como gran novidade, e novamente exemplo da preocupación pola mellora da calidade de vida no medio rural, recóllese unha partida de 100.000,00€ para poñer en marcha unha liña de subvencións de 1.000,00€ para cada vivenda unifamiliar que instale unha fosa séptica homologada para depurar a totalidade das augas na parcela na que se atope o inmovible. Con esta medida incentívase a instalación de microsaneamentos, en consoancia co recomendado por Augas de Galicia.

Ao longo do ano 2026, e unha vez que este Concello obtivo unha axuda de fondos europeos, poñerase en marcha o seu desenvolvemento que terá traslado no orzamento municipal.

O Alcalde, na Estrada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233